

Abril

Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela

Contacontos teatral de Trinketrinke



Mércores 13 de abril | 17.30 h e 19.00 h (dúas sesións) | Biblioteca Rego da Balsa

Berenguela é unha alegre e traste espiña de toxo. Atópase coa arrogante folla de carballo e decide xogar con ela. Pero esta folla desprézaa... Este é un contacontos teatral baseado no texto de Manuel María que reúne diversión con crítica social.

Participación: máximo 60 nenos/as de **3-8 anos** en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 6 de abril.

Up 2 Down

Movemento, clown e danza con Traspediante



Domingo 17 de abril | 18.00 h
Pazo da Cultura

Sorprendente espectáculo de clown, danza e funambulismo sobre as emocións, no que o humor e a interacción co público son pezas fundamentais. Dúas bailarinas interpretan personaxes definidas polo seu antagónico: o alto e o baixo.

Participación: nenos/as a partir de **3 anos**. É necesaria entrada: 3 € prezo ordinario e 2 € prezo especial con desconto. Pódese reservar no Pazo da Cultura (981 704 300) desde 15 días antes.

Espectáculo pertencente ao programa Primavera enDanza e á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

MaxicoSons

Maxia e música entre libros con Martín Camiña e Álvaro Muras



Mércores 20 de abril | 18.00 h
Biblioteca Rego da Balsa

Unha posta en escena onde a maxia e a música se unen para protagonizar unha aventura entre libros. Un músico e un mago promoven a lectura de forma divertida e cun formato orixinal, interactivo e divertido.


Participación: máximo 70 persoas en total de **3-12 anos**. É necesaria reserva previa, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa (981 758 580, biblioteca@carballo.gal) desde o 6 de abril. Actividade no marco do programa Ler Conta Moito.

Semana do Libro e a Lectura

Contacontos, animación, exposición, etc.

Do domingo 24 ao venres 29 de abril
Pazo da Cultura

Contacontos abertos ao público, con entrada libre e de balde, todos os días ás 18.30 h:



Luns 25: Contos de animais e bechiños. Andrea Bayer

Martes 26: Contiario. Pablísimo

Mércores 27: Contos de lobos. Ghazafellos

Xoves 28: A bichería máxica de Manuel María. Mago Martín Camiña

Venres 29: Grandes segredos de animais. Paula Carballeira

Maio

Pais e nais contan...

Contacontos de nais e pais para nenos e nenas



Mércores 4 de maio
Mércores 25 de maio
Mércores 29 de xuño
18.00 h | Biblioteca Rego da Balsa

Nais e pais (e avós, tías, etc.) xúntanse na Biblioteca Rego da Balsa para contarles contos aos nenos e nenas. Ti tamén podes participar! Pensa un conto, inventa unha historia ou escolle un libro en galego, prepárao e cóntao na Biblio!

Participación: acceso libre. Máis info na Biblio



A voz do vento

Concerto de Fran Amil e a tribo incomprendible



Mércores 11 de maio | 18.00 h
Pazo da Cultura

Manuel María a ritmo de rock tamén para a rapazada! Neste concerto, Fran Amil e a tribo incomprendible achegarán en forma de canción poemas de Manuel María, ademais doutros temas infantís e xuvenís de Chuches Amil ou A Gramola Gominola.

Participación: nenos/as a partir de **3 anos** acompañados/as de dúas persoas adultas. É necesario reservar ou recoller convite no Servizo de Normalización Lingüística a partir do 2 de maio.

A alfombra máxica

Espectáculo sensorial para bebés con Babaluva



Xoves 12 de maio | 17.30 h e 19.00 h (dúas sesións) | Pazo da Cultura

Un espazo para a experimentación, para descubrir o pracer de apalpar, escoitar, ver, saborear..., a través dunha alfombra táctil, sonora e olfactiva, con monicreques, música e outras sorpresas que levarán os/as bebés a un mundo de emocións e sensacións.

Participación: máximo 20 nenos/as de **0-3 anos**, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesaria reserva previa, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa (981 758 580, biblioteca@carballo.gal) desde o 4 de maio. Actividade no marco do programa Ler Conta Moito.

nelvidal@carballo.gal.

BiblioCanta

Espectáculo participativo con Chío Couto



Mércores 18 de maio | 18.00 h
Biblioteca Rego da Balsa

BiblioCanta é a fórmula maravillosa para que os nenos e nenas se acheguen ao cancionero tradicional galego saboreando ditos, recitados e cancións.

Participación: máximo 20 nenos e nenas de **0 a 3 anos**, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesaria reserva previa, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa (981 758 580, biblioteca@carballo.gal) desde o 4 de maio. Actividade no marco do programa Ler Conta Moito.



Coñece máis sobre o programa Apego
no web www.apego.gal
ou na páxina de **Facebook Apego.gal**

Estás a agardar un bebé? Parabéns!

Podés achegarte polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo para inscribirte no proxecto **Apego** e recibir os agasallos de benvida! :-)

Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?

Pois tamén podés dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa Apego e así recibir información sobre todas as actividades e recursos!

+info:

Servizo de Normalización Lingüística
Concello de Carballo
Pazo da Cultura 2.º andar
981 704 304
nelvidal@carballo.gal
www.carballo.gal



www.apego.gal

Xuño

Joga en familia

Obradoiro e charla con Diver loga



Martes 24 e 31 de maio | 18.00 h
Pazo da Cultura

Experiencia vivencial para coñecer e experimentar o ioga en familia dunha maneira práctica e divertida a través de dúas sesións, unha primeira (martes 24) dirixida ás nais e pais, e unha segunda (martes 31) xa en forma de obradoiro dirixida aos nenos e nenas de 3 a 9 anos.

Participación: máximo 12 familias con nenos/as de 3 a 9 anos. A primeira sesión (martes 24) está dirixida a nais e pais, e a segunda (martes 31) tamén aos nenos e nenas. Inscripción previa de balde desde o día 16 de maio no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

#ABiblioConta

Contacontos para público familiar



Sábado 4 de xuño | 11.30 h
Biblioteca Rego da Balsa

O persoal da Biblio sorprenderá a nenos e nenas cunha chea de divertidas historias.

Participación: acceso libre e de balde. Máis info na Biblio.

Educación sensorial para o/a bebé

Obradoiro de Espazo Oikos



Mércores 8 de xuño | 18.00 h
Pazo da Cultura

Obradoiro práctico para coñecer dinámicas de estimulación e psicomotricidade para bebés, pautas de acompañamento respectuoso, xogos educativos, experiencias de crianza, etc.

Participación: pais, nais e bebés (de ata 12 meses). Poden participar un máximo de 12 familias, ou futuras nais e pais que están a agardar un bebé. Inscripción previa de balde desde o día 30 de maio no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

A música das árbores

Música e contos con Servando Barreiro



Xoves 16 de xuño | 18.00 h | Pazo da Cultura

Graciano Zoqueiro, trasniño e gaitero, descubriu que as árbores facían música. Cando o vento move as polas nace unha sinfonía, unha orquestración. Cando a chuva cae nas follas soa un violín, unha gaita, unha zanfona, cada vez que unha treboada fai danzar os freixos ármase un espectáculo de ballet.

Participación: máximo 50 nenos/as de 2-6 anos, acompañados/as dunha persoa adulta, por orde de inscrición. Inscripción previa de balde desde o día 6 de xuño no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Actividades

apego

Carballo 2016

Abril Maio Xuño

